

### **Os socialistas de Vilalba acordan por unanimidade propoñer a Elba Veleiro Fernández como candidata á alcaldía**

Así o acordaron por unanimidade na reunión celebrada onte, e na que a alcaldable asumiu publicamente o compromiso “de impulsar dende o primeiro día accións para devolver a dignidade institucional á sociedade vilalbesa”

Veleiro é médico de profesión. De feito, leva prestando os seus servizos como especialista en medicina xeral no centro de saúde da vila durante dúas décadas

Destaca por ser unha persoa con gran prestixio social e profesional na localidade e por manifestar dende sempre “un gran compromiso” co Partido. Dende 2007 é concelleira do grupo municipal do PSOE

**VILALBA, 13 DE FEBREIRO DE 2015.-** A agrupación socialista de Vilalba propón a Elba Veleiro Fernández como candidata á alcaldía. Así o acordaron por unanimidade na reunión celebrada onte, e na que a alcaldable asumiu publicamente o compromiso “de impulsar dende o primeiro día accións para devolver a dignidade institucional á sociedade vilalbesa”.

Veleiro é médico de profesión. De feito, leva prestando os seus servizos como especialista en Medicina Xeral no centro de saúde da vila durante dúas décadas. Destaca por ser unha persoa con gran prestixio social e profesional na localidade e por manifestar dende sempre “un gran compromiso” co Partido. Asimesmo, conta cunha ampla experiencia no desenvolvemento político do municipio, xa que dende 2007 é concelleira do grupo municipal do PSOE.

#### **Comité Electoral**

Na xuntanza de onte, os socialistas tamén aprobaron por unanimidade a composición do Comité Electoral, que está formado por:

- Coordinadora: Elba Veleiro Fernández
- Vicecoordinador: Eduardo Vidal Baamonde
- Coordinador do programa electoral: Rodrigo Pavón Prieto
- Responsable de actos: Isabel Díaz Ramos
- Responsable de comunicación: Vanesa Siso Calvo
- Responsable de mobilización e redes sociais: Jesús Miguel Ares Fraga
- Responsable de acción parroquial e movementos asociativos: Xosé Teixeira Pérez
- Responsable xornada electoral: Francisco Monasterio Solveira
- Responsable de acción e mobilización xuvenil: Estefanía Rodríguez Pereira e Miguel López Souto
- Responsable de recursos e loxística electoral: Fernando Justo Díaz
- Colaboradores: Luis Fernández Álvarez, Margarita Gómez Novo e Marta Rouco Seoane

**PARA DECLARACIÓNS DA CANDIDATA, CONTACTAR NO TELÉFONO: 670.734.760**